

## ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

### DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

### LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	<a href="https://teams.microsoft.com/meet/335732835463?p=U2YI93A24IRxDoBem3">https://teams.microsoft.com/meet/335732835463?p=U2YI93A24IRxDoBem3</a>		
Data:	04/02/2025	Hora:	21:30 h

### PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

### ORDE DO DÍA

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (04-02-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 04/02/2025.

#### 2. Normativa licenzas Xunta de Galicia

Comeza a Presidenta lendo o documento que se modificou sobre o Regulamento de licenzas da Federación Galega de Orientación para facer unha revisión de cada un dos puntos en cuestión. Xorden dúbidas sobre determinados aspectos que debemos verificar coa FEDO, xa que a nosa licenza é de carácter nacional, non rexional, polo que debemos adaptalo á nosa realidade. Non existe a opción de licenza de día e tampouco somos unha licenza autonómica, senón nacional. Dado que hai varios aspectos que requiren confirmación por parte da FEDO, realizamos unha revisión completa do documento e, unha vez adaptado ao noso deporte, trasladarémolo á FEDO para a súa revisión e adaptación antes de envialo á Xunta.

#### 3. CESA

Toma a palabra a presidenta para facer un pequeno resumo da situación da organización desta proba, organizada pola FEGADO, co obxectivo de informar a todos os membros da Xunta Directiva. Indica que xa está reservado o albergue de 500 prazas pagadas pola FEDO (18000 euros). Engade que esta reserva só inclúe cea e desaiuno e que algunhas federacións autonómicas xa comezaron a facer as súas reservas.

Continúa a Vicepresidenta indicando que as Federacións autonómicas deberán indicar que tipo de habitación reservan. Do mesmo xeito estase xestionando a festa de despedida con Djei e unha cea tradicional galega. As entregas de trofeos realizaranse cada un dos días correspondentes ás celebracións das probas que se fixeron nesa xornada e realizaranse no Monte do Gozo agás a de relevos que se fará na Cidade da Cultura. Continúa a Vicepresidenta indicando que se está xestionando as comidas cun servizo

de catering, de tal xeito que as do venres e sábado serán comidas de prato e a do domingo será un picnic embolsable.

Toma a palabra a Presidenta para indicar que tamén está pendente a decisión da empresa audiovisual que realizará o streaming das probas xa que ese gasto debe ser asumido pola FEDO e non pola FEGADO. Comentaré este tema coa FEDO para tomar unha decisións sobre a mesma.

#### 4. CECEO

A Presidenta indica que o aloxamento será no Colexio San Narciso. Engade que se retirou o sprint nocturno que se ía realizar o venres xa que moitos dos escolares non chegarían a tempo para a realización da mesma. Enumera a cronoloxía das probas e indica que a día de hoxe aínda está sen determinar quen será o director de carreira. Engade que tamén falta por reservar o aloxamento das persoas colaboradoras xa que para iso é necesario coñecer quen vai a colaborar na realización desas probas.

#### 5. Web publicación empresas externas con actividade de orientación

Toma a palabra a Presidenta para indicar que a empresa Xesta púxose en contacto con ela para solicitar poder publicar as súas probas de orientación na páxina web de Fegado e que segundo a empresa na época da Xunta directiva anterior presidida por Javier Alvelo xa llo permitiran. Revisaranse as actas das Xuntas directivas desa época e as das Asambleas para logo poder tomar unha decisión sobre este aspecto.

#### 6. Rogos e preguntas

Toma a palabra a Vicepresidenta para indicar que a Fegado xa superou a auditoría relacionada coa Protección de datos de tal xeito que nesa auditoría indicábase que sería preciso mellorar unha serie de aspectos da páxina web. Continúa indicando tamén que a día de hoxe tan só falta por actualizar os documentos de protección de datos das persoas novas do ano pasado e deste ano polo que nas vindeiras semanas se enviarán estes documentos aos clubs dos corredores e das corredoras para que os asinen e os envíen á FEGADO.

Remata informando que debido a un problema de autorizacións co concello de As Pontes onde se ía realizar dúas probas de Mtbo o día 7 de xuño realizábase un cambio de ubicación pasando a celebrarse finalmente no concello de Ferrol.

Intervén Adrián Pérez para preguntar como se está a desenvolver a xestión da nova páxina web da Fegado xa que el non dispón de tempo suficiente para poder realizar e que sería preciso buscar a unha persoa que o fixese de forma completamente altruísta ou ben pagar a un ou unha profesional para que a cree. Sonia indica que de pagar só se podería facer con cartos Agaco porén dada a importancia deste tema levarase como punto do día da seguinte Xunta Directiva.

Finalmente a Presidenta indica que recibiu unha chamada o sábado pola tarde, unha vez finalizada a segunda proba da liga galega de O-pé en Parga, trasladando unha queixa formal contra o fotógrafo polo feito de ter pedido aos homes que saísen do recinto para a realización da foto do 8M. A queixa baseábase en que non se consideraba oportuno que se lles pedise marchar para facer a foto, polo tempo que estiveron mollándose e pola demora engadida á súa finalización. Tamén se indicou que houbo máis persoas molestas con este feito, aínda que non se recibiron queixas adicionais. Sonia sinalou que tomaba nota e que se tería en conta para o vindeiro ano. Intervén a Vicepresidenta para expresar o malestar ante esta situación, así como o do fotógrafo, indicando que en ningún caso se botou a ninguén, senón que se lles pediu amablemente que se retirasen por cuestións de imaxe e composición fotográfica. Destacouse que en ningún momento houbo falta de respecto cara a ningunha persoa e que, tendo en conta o motivo da foto e o día en cuestión, resultaba lamentable que se protestase por este feito. Tamén se expresou que poderían terse adoptado outras medidas, pero que o realmente preocupante era a chamada de atención recibida por este asunto.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:30 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.